



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES**

**Número de expediente:** 2023/C004/000001

**Asunto:** Contrato Administrativo de servizos de explotación da cafetería-restaurante do Centro Socio-cultural de Cedeira.

**1. PODER ADXUDICADOR: CONCELLO DE CEDEIRA**

<b>ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:</b> CONCELLO DE CEDEIRA	<b>Órgano de Contratación:</b> Xunta de Goberno Local	<b>Número de expediente</b>	2023/C004/000001
		<b>Tipo de Procedemento</b>	ABERTO
		<b>Publicidade</b>	PLATAFORMA DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO
		<b>Tipo de Contrato</b>	SERVIZOS
		<b>Tramitación</b>	ORDINARIA
		<b>Criterios Adjudicación</b>	VER PREGO

**2. OBXECTO DO CONTRATO:** Contrato Administrativo de servizos de explotación da cafetería-restaurante do Centro Socio-cultural de Cedeira.

<b>CPV</b>	55410000-7, servizos de xestión de bares / 55300000-3, servizos de restaurante e subministro de comidas
------------	--

**3. PREZO DO CONTRATO:** OS LICITADORES PROPORÁN LIBREMENTE O PAGO DUN CANON MENSUAL A FAVOR DO CONCELLO OU A PERCEPCIÓN DUN CANON NEGATIVO POR IMPORTE MÁXIMO DE 800,00 € (IVE EXCLUIDO) MENSUAIS

<b>APLICACIÓN PRESUPOSTARIA</b>	Ingreso: 550,00 Gasto: 231.227.99	IVE: 21%	<b>GASTOS PUBLICIDADE: 0 €</b>
-------------------------------------	--------------------------------------	----------	------------------------------------

- 4. REVISIÓN DE PREZOS:** NON PROCEDE
- 5. PRAZO DE EXECUCIÓN:** 3 anos  
PRÓRROGA: SI: 2 ANOS
- 6. GARANTÍAS:** PROVISIONAL: NON SE ESIXE  
DEFINITICA: SI, ASCENDE A 1.000,00€  
COMPLEMENTARIA: NON
- 7. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA:** NON SE ESIXE
- 8. PERFIL DO CONTRATANTE:** Plataforma de Contratos do Sector Público  
<https://contrataciondelestado.es>.

O prazo de presentación de ofertas é de 15 días naturais desde a publicación do anuncio.



### 1º.- OBXECTO

A licitación ten por obxecto a contratación, mediante procedemento aberto, da EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-RESTAURANTE DO CENTRO-SOCIOCULTURAL DE CEDEIRA, situado no segundo andar do devandito edificio.

Ocupa unha superficie útil aproximada de 396 m<sup>2</sup> tendo en conta a totalidade de espazos habilitados.

A codificación correspondente á nomenclatura do Vocabulario Común dos contratos públicos (CPV) segundo o Regulamento CE nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento CE nº 2195/2002 do Parlamento europeo e do Consello, é a seguinte:

55410000-7, servizos de xestión de bares 55300000-3, servizos de restaurantes e subministro de comidas

### 2º.- PREZO DO CONTRATO

Os licitadores proporán libremente o pago dun canon mensual ao Concello ou a percepción dun canon negativo por parte deste. No primeiro caso o canon é libre pero no segundo o canon a pagar polo Concello está limitado a un máximo de 800,00 euros mensuais, I.V.E. excluído.

Os licitadores farán mención á cantidade mensual, máis I.V.E., que ofrecen pola explotación da cafetería-restaurante, ou á cantidade mensual, máis I.V.E., que propoñen como canon a pagar polo Concello.

Para os exercicios seguintes o importe do canon a aboar polo Concello, no seu caso, queda condicionado a existencia de crédito na partida correspondente para os exercicios respectivos.

O valor estimado do contrato para os cinco anos de duración é de 58.089,40 € (IVE excluído)

### 3º.- HORARIO DE APERTURA

O adxudicatario obrígase a manter o establecemento aberto ao público todos os días de 13:30 a 15:30 (para servizo de comidas) e de 17:00 a 21:00 horas.

En todo caso, a hora de apertura e peche deberá someterse á aprobación municipal.

Permítese un día de descanso, excluídos sábados e domingos.

Durante todo o ano, o **horario límite de peche** será o establecido na normativa autonómica segundo a normativa vixente da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia é ata as 02:00 para restaurantes e ata as 02:30 h para cafeterías.

### 4º.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración da explotación cífrase en tres anos, contados a partir da sinatura do contrato; prorrogable ata un máximo de cinco anos, incluída a duración inicial do contrato.



A devandita prórroga deberá ser solicitada polo adxudicatario cunha antelación mínima de 3 meses á extinción da vixencia inicial ou de cada prórroga. O órgano de contratación decidirá sobre a mesma antes da extinción da vixencia inicial ou da prórroga non estando vinculado pola solicitude do adxudicatario.

#### 5º.- INICIO DA PRESTACIÓN

O adxudicatario deberá comezar a prestar o servizo no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS, dende a sinatura do contrato.

#### 6º.- GARANTÍA

O adxudicatario deberá constituír garantía definitiva por importe de 1.000 euros. A devandita garantía prestarase en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e deberán depositarse na Tesourería Municipal.

#### 7º.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As ofertas presentaranse exclusivamente **por medios electrónicos**, dentro do prazo de **quince (15) días naturais** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello de Cedeira na Plataforma de Contratos do Sector Público. Se o último día do prazo fora inhábil, este se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. A hora de finalización da presentación de ofertas serán ás 23:59 horas.

A presentación das proposicións realizaranse a través da Plataforma de contratación do Sector Público nas condicións previstas na cláusulas correspondentes do PCAP.

As proposicións presentaranse no lugar e prazo sinalado no anuncio de licitación publicado no perfil de contratante.

Cando os contratos, segundo o disposto, estean suxeitos a regulación harmonizada, a licitación publicarase ademais no Diario Oficial da Unión Europea, de conformidade co artigo 135 LCSP.

**A presente licitación realízase de forma electrónica.**

**Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica e única e exclusivamente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, dispoñible na seguinte dirección <https://contrataciondelestado.es>.**

O acceso telemático poderase realizar durante as 24 horas do día, todos os días do ano.

O non cumprimento do lugar ou medio, do prazo e da hora da presentación da documentación será causa de exclusión.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.



Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón, por parte do empresario, a aceptación incondicional do clausulado deste prego e do de prescricións técnicas particulares que rexen o presente contrato, sen condición ou reserva algunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recolleitos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

## 8º.- DOCUMENTACIÓN

A presentación de proposicións supón por parte do empresario a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Conforme a DA 15ª da LCSP as proposicións presentaranse en formato electrónico a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Toda a documentación presentada será asinada dixitalmente mediante certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas.

As proposicións constarán dos sobres ou arquivos electrónicos que a continuación se indican.

Entre a documentación que figure no sobre ou arquivo electrónico deberá figurar o número de referencia e a denominación do contrato ao que licitan, o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF/CIF xunto coa relación numérica dos documentos que se conteñen. As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañen á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse nun **ÚNICO SOBRE/ARQUIVO ELECTRÓNICO**.

### ***SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSICIÓN ECONÓMICA***

#### **SOBRE A - DOCUMENTACIÓN:**

A documentación que se sinala deseguido, segundo o establecido no art. 140.4 da LCSP, será substituída por unha **DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE COAS CONDICIÓNES ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN, segundo o ANEXO I** deste prego.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.



No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o Anexo I, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:

- O nome e circunstancias de cada un dos que a constituén
- A participación de cada un na unión a constituír
- A asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato
- O representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo

### 1. Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

-*Os empresarios individuais*: Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

-*Se fosen persoas xurídicas*: escritura de constitución ou modificación, no seu caso inscrita no Rexistro Mercantil, cando fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa de aplicación.

Se non fose esixible: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

*Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF).*

-*As empresas comunitarias*: deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidas ou por declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

-*As empresas non españolas de estados signatarios de acordo sobre o espazo económico europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)*: acreditarán a súa capacidade de obrar mediante inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (art. 84 LCSP)

-*As empresas non comunitarias*: Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Tamén achegar informe de reciprocidade así como declaración de sometemento a xurisdición dos tribunais e xulgados españois.

-*As empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias)*: declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 140.1 f) da LCSP)

*Poderes e bastanteo:*



Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha Sociedade ou persoa xurídica deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade xurídica en cuxo nome actúe.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil naqueles casos en que a dita inscrición fose legalmente esixida.

Os poderes deberán bastantearse previamente polo Secretario do Concello ou funcionario habilitado.

## 2. Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Deberán achegar unha declaración responsable de que a empresa non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no art. 71 da LCSP, seguindo o seguinte modelo:

*D.....con DNI.....e domicilio en.....provincia de.....en nome propio ou en representación da empresa.....á que represento no procedemento de adxudicación do contrato.....(título)..DECLARO:*

*Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art.71 da LCSP.*

*Que esta ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*(Lugar, data e sinatura do proponente)*

## 3. Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional:

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse a lo menos por un ou máis dos seguintes medios:

- Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ó que se refira o contrato, por importe igual ou superior a 16.500,00 €.
- Nos casos nos que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior a 150.000,00 €.
- Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ó peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ó esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ó establecido regulamentariamente.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante a aportación dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

A solvencia técnica dos empresarios poderá acreditarse a lo menos por un ou máis dos seguintes medios:



a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

c) Declaración sobre o persoal media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

d) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

#### **4. Unións temporais de empresas**

Para o caso de que se presente unha unión temporal de empresas indicaranse os nomes, circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias de conformidade co art. 69 da LCSP e o establecido no presente prego.

#### **5. Declaración de empresas vinculadas**

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 140 da LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

#### **6. Índice de documentos que integran o sobre.**

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciados numericamente.

### **SOBRE B - OFERTA ECONÓMICA E MELLORAS**

Deberanse presentar os seguintes documentos:

- Plan de explotación que deberá indicar:
  - o Horario de apertura que se oferta
  - o Variedade de produtos ofertados
  - o Porcentaxe ofrecido de redución dos prezos máximos establecidos na Táboa que se recolle como Anexo III
  - o Oferta do desconto dun 10% do prezo en comidas para xubilados
  - o Mellora no porcentaxe de desconto do 10% do prezo en comidas para xubilados



- o Número anual de actividades programadas (como mínimo se esixe cea de nadal e cea de entroido)
- o Oferta de servizo wifi

Neste sobre incluíranse as características definidoras da oferta, que permitan aplicar os criterios de adxudicación, e o previsto na cláusula 9ª deste prego.

### **SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA**

Conforme ao modelo de proposición económica que aparece ao final deste Prego (Anexo II) as proposicións económicas deberán ser formuladas en número e letra. En caso de discordancia entre o número e a letra, considerarase como válida a oferta expresada en letra.

### **9º.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas realizarase pola Mesa de Contratación Permanente constituída por acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 04 de xullo de 2019, publicado no BOP nº 137 de 22.07.2019, e a súa composición modificada por acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 25 de marzo do 2021, publicado no BOP nº 81 do 03.05.2021.

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, rexéndose, así mesmo, polas regras aplicables á tramitación simplificada do mesmo, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP 2017, e realizarase atendendo a varios criterios de adxudicación, segundo os seguintes criterios de adxudicación:

### **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

- A) Canon da concesión ofertado: ata 1 punto.

Obterá a maior puntuación a proposición que ofrezca o maior canon e 0 puntos a que propoña a percepción dun canon a pagar polo Concello ata o importe máximo de 800,00 euros mensuais, I.V.E. excluído, segundo este Prego. As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.

- B) Plan de explotación: ata 20 puntos
  - o Horario de apertura que se oferta: ata 2 puntos.

Obterá a maior puntuación a proposición que ofrezca maior horario de apertura e 0 puntos a que ofrezca o horario de apertura mínimo esixido neste Prego (de 13:30 a 15:30 e de 17:00 a 21:00 horas). As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.

- o Variedade de produtos ofertados: ata 2 puntos.
- o Porcentaxe ofrecida de redución dos prezos máximos establecidos na Táboa que se recolle como Anexo III: ata 4 puntos.

Obterá a maior puntuación a proposición que ofrezca maior porcentaxe de redución dos prezos máximos establecidos na Táboa que se recolle como Anexo III, e 0 puntos a que non ofrezca mellora no porcentaxe de desconto. As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.





- o Número anual de actividades programadas (como mínimo se esixe cea de nadal e cea de entroido): ata 10 puntos.

Obterá a maior puntuación a proposición que ofrezca o maior número anual de actividades programadas e 0 puntos a que só ofrezca as actividades esixidas. As demais ofertas valoraranse proporcionalmente.

- o Oferta de servizo wifi: 2 puntos

En caso de empate na puntuación final, prevalecerá o licitador que obteña a maior puntuación no criterio B. Se persistise o empate, prevalecerá o que obteña maior puntuación no criterio A.

### 10º.- ADXUDICACIÓN

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, requirirase ao licitador que presentase a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- A documentación a que se refire a cláusula 8 do presente prego
- A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- A documentación xustificativa da formulación dunha póliza de seguros específica para o sector da hostalaría, cun importe mínimo de 150.000,00 €, na que se inclúan as coberturas de responsabilidades do adxudicatario en relación ao persoal ó seu cargo, responsabilidade empresarial, e en xeral, a cobertura da calquera obriga que derive deste contrato. Dita póliza deberá permanecer vixente durante todo o período de duración do contrato.
- Xustificante de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste, ou no seu caso, declaración do licitador comprometéndose a darse de alta no IAE no caso de que resultara adxudicatario. A acreditación de estaren ao corrente no pago no Imposto de Actividades Económicas para aqueles licitadores que non estean exentos conforme ao artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, levarase a cabo mediante a presentación da alta ou, de ser o caso, do último recibo do imposto.
- Constituír a garantía definitiva prevista no presente prego, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da LCSP.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato e revisado o inventario no momento da finalización do contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 110 da LCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución procedentes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveran sen pagar os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fose rexeitado pola Administración.



De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que houberen quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

#### **11º.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

O contrato formalizarase en documento administrativo non mais tarde dos quince días hábiles seguintes a contar desde a notificación da adxudicación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

#### **12º.- PAGAMENTO DO CANON**

O canon que resulte da adxudicación do concurso será satisfeito polo concesionario ao Concello en doce mensualidades, durante os primeiros quince días de cada mes.

Este canon será independente de toda clase de impostos, arbitrios, dereitos ou taxas municipais que poidan xurdir, os cales se liquidarán, no seu caso, polas tarifas da Ordenanza correspondente.

En caso de que o adxudicatario ofertara a percepción dun canon a pagar polo Concello, o pagamento deste realizarase polo Concello logo da presentación de factura e segundo os prazos establecidos no artigo 198 da LCSP.

So o importe en termos anuais do canon a pagar ou aboar resulta unha cantidade inferior ou igual a 800,00 € (excluído o IVE) poderase unificar nun único pagamento para simplificar a tramitación administrativa.

#### **13º.- OBRIGA DO ADXUDICATARIO**

As obrigas do adxudicatario veñen establecidas no Prego de Prescricións Técnicas.

As persoas traballadoras que a empresa adxudicataria empregue para a execución do contrato dependerán exclusivamente do adxudicatario, por tanto este terá os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de patrón, e estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo referidas ao dito persoal, así como ás ordenanzas laborais e convenios colectivos que correspondan, sendo a Administración local de todo allea ás devanditas relacións laborais.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido aos operarios con ocasión do exercicio dos traballos ao adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que alcance en modo algún ao Concello de Cedeira.



Á extinción do contrato non poderá producirse, en caso ningún, a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal da Administración contratante.

#### **14°.- RISCO E VENTURA**

A execución do contrato realizarase estritamente a risco e ventura do contratista, salvo no caso de forza maior e nos termos recollidos na normativa de contratación pública.

#### **15°.- GASTOS**

O adxudicatario virá obrigado a pagar o importe total dos gastos de anuncios; importe que o adxudicatario deberá ingresar no Concello, no prazo de quince días naturais a contar desde a notificación da adxudicación. O Concello poderá reintegrarse destes gastos, se fose preciso, con cargo á garantía imposta polo contratista, sen prexuízo da obriga que, en tal suposto, alcanzará ao devandito contratista, en canto a completar a garantía.

Tamén queda o adxudicatario obrigado a satisfacer á Facenda Pública o importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato, a cuxos efectos deberá presentar, dentro dos prazos legais, a documentación pertinente, nas Oficinas Liquidadoras.

#### **16°.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA**

O trámite para a devolución da garantía definitiva acomodarse ao previsto no artigo 111 da LCSP. Será requisito necesario para a devolución da garantía o previo levantamento da acta-inventario de bens e existencias por parte do representante da Administración en presenza do adxudicatario da que resulte a entrega das instalacións en perfecto estado de conservación.

#### **17°.- CESIÓN DO CONTRATO**

Os dereitos dimanantes do contrato non poderán ser cedidos a terceiro, a non ser que o Concello de Cedeira autorice expresamente e con carácter previo, a cesión.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase tamén respecto á celebración de subcontratos.

#### **18°.- SUBCONTRATACIÓN**

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 215 da LCSP.

#### **19°.- INTERPRETACIÓN DO CONTRATO**

O órgano de contratación, de acordo co artigo 261 da LCSP, ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

#### **20°.- CONTROL FINANCEIRO**



A execución do contrato estará sometida a control financeiro por parte do Concello.

### **21º.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

Ademais das previstas legalmente nos artigos 211 e concordantes da LCSP, procederá declarar a resolución nos seguintes casos:

- a) Incumprimento dos termos da oferta-proxecto presentado.
- b) Incumprimento da obriga de mantemento e reparación das instalacións.
- c) Incumprimento reiterado da obriga de limpeza das instalacións e demais obrigas recollidas nos pregos.
- d) Demora reiterada no pago do canon por prazo superior a seis meses.
- e) Incumprimento do prazo para a iniciación da prestación do servizo.
- f) A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no contrato para o seu comezo.
- g) A desistencia ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordado pola Administración.
- h) As modificacións do contrato, anque foran sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións no prezo do contrato en contía superior, en mais ou en menos, ao 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, IVE excluído, ou representen unha alteración substancial do mesmo.

### **22º.- XURISDICCION COMPETENTE**

Para todas as cuestións que puidesen suscitarse con motivo deste contrato, será competente a Orde Xurisdiccional contencioso-administrativo, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **23º.- DEREITO APLICABLE**

O contrato a realizar cualifícase como contrato de servizos, de conformidade co establecido no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O presente contrato rexerá polo disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas se considerarán parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares que contén os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

A presente contratación ten carácter administrativo, e rexerá en todo o non previsto especialmente neste prego de condicións polo disposto nas seguintes normas:

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE.



- Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión, de 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP 2017).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en adiante, RXLCAP).

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

Cedeira, 21 de febreiro de 2023

O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

(documento asinado dixitalmente)



**ANEXO I**

**MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS**

. D./Dna..... con DNI número.....en nome e representación da entidade ..... , con CIF..... ao obxecto de participar na contratación denominada DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-RESTAURANTE DO CENTRO SOCIO-CULTURAL DE CEDEIRA, convocada polo Concello de Cedeira.

E D./Dna....., con DNI número.....en nome e representación da entidade ..... , con CIF.....

Comprométense, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a:

- Que a solvencia ou medios que poñen a disposición a entidade..... a favor da entidade.....son os seguintes : \_\_\_\_\_

-Que durante toda a execución do contrato dispoñerán efectivamente da solvencia ou medios que se describen neste compromiso.

-Que a disposición efectiva da solvencia ou medios descritos non está sometida a condición ou limitación algunha.

Data Sinatura electrónica do licitador

Sinatura electrónica da outra entidade

*(Este documento debe ser asinado electrónicamente)*

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de Cedeira
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Cedeira, segundo recóllese nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.



**ANEXO II**  
**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**  
**SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS**

**DATOS DO DECLARANTE**

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Dirección a efectos de práctica de notificacións:	Provincia:	Código Postal:
Entidade mercantil á que representa ( <i>en caso de actuar en representación</i> ):	CIF	
Cargo:		

**DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

**PRIMERO.-** Que o asinante da declaración e, no seu caso, a entidade mercantil á que represento se dispón participar na contratación, da EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-RESTAURANTE DO CENTRO-SOCIOCULTURAL DE CEDEIRA, sendo certos os datos que se indican nesta declaración responsable.

**SEGUNDO.-** Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin Trátase de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.

**TERCEIRO.-** Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o paragrafo anterior (sempre que, respecto destes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).

**CUARTO.-** Que o asinante da declaración e, no seu caso, a entidade mercantil á que represento cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo artigo 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para ser



adxudicatario do contrato de EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-RESTAURANTE DO CENTRO-SOCIOCULTURAL DE CEDEIRA, e, en concreto:

Que posúe personalidade xurídica e, no seu caso, representación.

Que, no seu caso, a sociedade a que represento está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación.

Que conta coa correspondente clasificación, no seu caso, ou que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos.

Que nin o asinante da declaración, nin, no seu caso, a entidade mercantil á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes están incurso nunha prohibición de contratar por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local impostas polas disposicións vixentes.

Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas de alta e pagamento/exención do Imposto sobre Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes.

Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato. (No caso de empresas estranxeiras).

Que se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación:

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº \_\_\_\_\_)
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº \_\_\_\_\_)

Que, en relación co disposto no artigo 149. 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Pertence ao grupo de empresas \_\_\_\_\_ ou está integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
  - a) .....
  - b) .....





etc.

Que a condición da empresa á que represento é:

- PEME
- Non PEME

- Que se compromete á adscrición á execución do contrato de medios persoais e/ou materiais suficientes para o contrato e de conformidade co presente prego e o PPT e á substitución do persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada con persoal que conte coa titulación e a experiencia esixidas no prego de prescricións técnicas.

-Que se compromete a que o persoal que se adscriba á execución do contrato estará en posesión da certificación negativa do Rexistro central de delincuencia sexual que esixe o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil.

- Que a empresa a que representa emprega a: (Marque a xanela que corresponda)

- Menos de 50 traballadores
- 50 o mais traballadores e ( Marque a xanela que corresponda)

- Cumpre coa obrigaón de que, entre eles, polo menos, o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecida polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

- Cumpre as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadores con discapacidade.

- Que a empresa a que representa, cumpre coas disposicións vixentes en materia laboral e social.

- Que a empresa á que representa: (Marque a xanela que corresponda)

- Emprega a máis de 50 traballadores e cumpre co establecido no apartado 2 do artigo 45 de la Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
- Emprega a 50 ou menos traballadores e en aplicación do convenio colectivo aplicable, cumpre co establecido no apartado 3 del artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo a elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
- En aplicación do apartado 5 do artigo 45 de la Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a empresa non está obrigada a elaboración e implantación do plan de igualdade.



**QUINTO.-** AUTORIZO ao órgano de contratación a solicitar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

**SEXTO.-** COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: \_\_\_\_\_.

**SÉTIMO.-** COMPROMÉTOME a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado cuarto desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura electrónica do declarante,

Asdo dixitalmente.: \_\_\_\_\_”

*(Este documento debe ser asinado electrónicamente)*

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de Cedeira
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Cedeira, segundo recóllese nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.



**ANEXO II**

**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

"Don/Dona....., veciño/a de..... provisto de Documento Nacional de Identidade número....., actuando en nome propio (ou no de..... C.I.F.....), ben decatado das condicións administrativas e técnicas e demais documentación que integra o expediente que ha de rexer na licitación para adxudicación de ..... en Cedeira, anunciada en ....., o día....., comprométese á realización do obxecto do presente contrato con estrita suxeición aos expresados documentos,

- Canon a pagar de: .....euros/ mes, mais IVE
- Canon a aboar polo Concello de: .....euros/mes, mais IVE (*canon a aboar máximo de 800,00 euros mensuais IVE excluído*)

*(A cantidade expresarase en letra, escrita en forma clara).*

Comprométome así mesmo a que **o horario límite de peche será o establecido pola normativa autonómica vixente.**

Acompaña á presente a documentación previda.

**Domicilio que sinala para notificacións:** As notificacións en relación á presente licitación e a todos os efectos que desta se deriven, deberán practicarse en....., rúa ..... nº....., na persoa de Don/Dona ....

(Data e sinatura do propoñente)"



### ANEXO III

#### LISTA DE PREZOS MÁXIMOS

<b>ARTIGO</b>	<b>PREZO</b>
Café con leite/só/cortado	1 euros
Té/menta poleo/manzanilla/tila	1 euros
Infusións varias	1,2 euros
Viño do país (copa)	2 euros
Cervexa caña	1,5 euros
Cervexa tercio	1,7 euros
Cervexa de importación	2 euros
Combinados	4 euros
Combinado de importación	6 euros
Licores do país	2 euros
Licores importación	3 euros
Vermut	2 euros
Refrescos e zumes	1,5 euros
Auga	1 euro
Menú do día	10 euros